XIII CONGRESO DE LA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE HISTORIADORES DEL CINE



FAROS Y TORRES VIGÍA

El cine español durante la Segunda República

Vía láctea editorial

ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE HISTORIADORES DEL CINE

FAROS Y TORRES VIGÍA

EL CINE ESPAÑOL DURANTE LA II REPÚBLICA (1931-1939)

1ª Edición: Agosto de 2016
Editores: J. Pérez Perucha, A. Rubio Alcover
Ilustración de cubierta: *El genio alegre* (Fernando Delgado, 1939)
Edita: Asociación Española de Historiadores del Cine y Vía Láctea, S.L.
Diseño y maquetación: Miguel Encinas Franco

© A.E.H.C.
© De los textos: los autores
© Edición 2016: Asociación Española de Historiadores del Cine
(Apartado de Correos 15000, 28080 Madrid; www.historiadoresdelcine.es)
Vía Láctea, S.L. (Avda. Las Mariñas, 337; 15172 Perillo-Oleiro, A Coruña)
ISBN: 978-84-89444-54-6
Depósito legal: C-1294-2016
Realización/impresión: Marta, S.L.
Printed in Spain. Impreso en España.

Proemio

... E para situármonos naquel tempo igualitario que despertara a curiosidade polo outro, vou rendir homaxe a unha das figuras que representa a cultura da República e que dende o 1916, como estudante primeiro, como viaxeiro, como conferencista, como animador e como poeta é parte de Galicia. Vou lembrar os primeiros versos do poema «Canzón de cuna para Rosalía de Castro, morta» de Federico García Lorca. Vou dicilo para todas nós, as persoas que nos congregamos nesta sesión inaugural, dende o libro *Seis poemas galegos* que no ano 1935 publica a editora Nós, con limiar de Eduardo Blanco-Amor, sendo xerente Anxel Casal, membro do Partido Galeguista e rexedor da cidade, asasiñado no 1936 nunha cuneta de Cacheiras, acó ao pé, o 19 de agosto, na mesma tráxica data do asasiñato de Federico. E quen así o quixer poderá escoitar nel un poema á República:

«Érguete miña amiga
Que xa cantan os galos do día
Érguete miña amada
Que o vento muxe coma unha vaca.»

Estas verbas foron parte da nosa benvida a un congreso que só o signo de «Aurora e Melancolía» os días 11, 12 e 13 de marzo de 2011 tratou d' *O cinema español na II República* dende as mundanzas metodolóxicas e de modos de pensar o cinema e mesmo dende as prácticas que acompañan estas compridas sete décadas que arredan o obxecto de estudo «cinema da II República» de nós.

Agradecíalle, naquela altura, a AEHC o feito de que «Aurora e Melancolía» escollera para a súa posta en escena a Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, nunha cidade que é referencia pola fidelidade dun público aos diversos espazos para ver películas –cos máis 25 anos do festival *Cineuropa*, cos xa dez da *Cineclube de Compostela* que nace neste mesmo lugar, con experiencias creativas coma *Curtacircuito* ou o aínda recén *Mufest*– e nunha Facultade xoven –andabamos a piques de facer vinte anos–, que desque botou a andar incluíu nos seus programas a aprendizaxe do cinema.

Agradecíalle naquela altura a AEHC partillar connosco a preocupación por afondar no que nos dí, arestora, o cinema dunha época, a da II República, que enarbolou un programa de grandes mudanzas onde un novo obxecto cultural, o cinema, tiña un papel cabdal.

O azar, a máscara do destino –de collermos prestadas as verbas de Manuel de Oliveira– quixo que canda o XIII Congreso da AEHC chegasen a Compostela imaxes dunha película, a película coa que Carlos Velo imaxinou *Galicia*, que foio un dos materiais analisados e proxectados na reunión científica e que hoxe forman parte deste Libro de Atas. Pero houbo, por entre as varias e diversas sesións do Congreso, unha manchea de materiais que nos descubriron, tamén a nós aspectos de nós mesmos e que singularizo nunha das propostas de visionamento de diferentes pezas que abranxen da década dos vinte aos anos republicanos, e que son mostra de cómo se configura o sistema cultural galego –estudado polo miúdo por especialistas como Vázquez Sousa (Universidade da Coruña) ou Antón Figueroa (USC)– no que acadan papel relevante emprendementos vencellados co cinema.

Velaiquí como a unión da idea e a realización da idea toma corpo en imprentas, editoras, xornais de información, prensa de grupo, a radio, en produtoras cinematográficas canda locais de exhibición, en vencello con programas que

precisaban da participación, de lle dar corpo a «ver xuntos», de sabérmonos no medio dun movemento con ancoraxes no que nos precedeu, naquelo que decidimos que nos representa.

A comunidade imaxinada que Otero Pedrayo albiscara e que se expresara, por exemplo, no cinema de correspondencia, coas agrupacións de emigrantes a patrocinar a produción de imaxes dos seus que, de volta, tamén lles achegaban imaxes de cómo querían que os outros os miraran, tiña como mediación unha das figuras da Modernidade, o fotógrafo e cineasta José Gil e a súa empresa «Galicia Cinegráfica», 1922, fundada o mesmo ano que a de Rey Soto, «Celta Films», e que chega ate a produtora «Folk», 1932, de Ramón e Enrique Barreiro máis o filme –desaparecido, como outras moitas obras da época– *Por unha nova Galicia*, que o alcalde de Pontevedra Osorio Fernández Tafall animou e utilizou a prol da campaña pro Estatuto de Autonomía.

O Congreso da AEHC trouxonos, xa que logo, unha primeira mostra do quefacer daquelas empresas pioneiras, neste caso a «Folk» de Ramón e Enrique Barreiro coa súa filmación da visita a Vigo do presidente Alcalá Zamora, unha peza traballada a partir dos estilemas da reportaxe gráfica, con múltiplos puntos de vista e a intención de establecer ligames entre a personaxe e as masas, entre Alcalá Zamora e as persoas espectadoras. E nunha segunda mostra trouxonos, non podería ser doutro xeito, os 8 minutos ate o de agora conservados do filme *Galicia*, de Carlos Velo, mais o material depositado no CGAI en decembro de 2010 polo profesor Vladimir Magidov, con 16 minutos tamén desa fita, a partires do que se presentou un estudo comparado que nos permitiu arriscar unha posíbel reconstrución da totalidade do filme secomasí avanzar nunha entrada que sitúa esta película coma icona da cinematografía que se adxectiva «galega» , estudo que se publica agora nos Anais de «Aurora e Melancolía».

¡Longa vida republicana ao cinema!.

Margarita Ledo Andión
Presidenta do Comité Organizador
Catedrática de Comunicación Audiovisual da USC

Galicia 1936-2011
Estudos sobre o filme de Carlos Velo

Margarita Ledo, Ramiro Ledo, Pablo Cayuela

PRESENTACIÓN

O seguinte texto expón as conclusións tiradas da análise comparada das tres fontes de *Galicia* (Carlos Velo, 1936). Para unha mellor comprensión, nomearemos a cada unha delas como segue:

Galicia 8 min.: a única copia conservada até o de agora, proxectada nas XoCiViGa d'O Carballiño de 1985 (8'07").

Ispanija: filme realizado no ano 1939 pola directora soviética Esfir Shub, montado a partir de imaxes de diversas procedencias, e no que se atopan parte das imaxes rodadas por Velo para *Galicia*.

Bobinas: material depositado no CGAI en decembro de 2010 polo profesor Vladimir Magidov. As tres primeiras bobinas, que analizando as colas fotograma a fotograma se corresponden cos números 13694, 13696 e 13697, conteñen 16 minutos de *Galicia*. É a estas ás que nos referiremos. Sen son.

Galicia: filme de Carlos Velo comezado a rodar en 1935 do que, por non se atopar a día de hoxe a copia final, se descoñece tanto a duración final coma a montaxe definitiva dos seus planos. É o que nós propomos reconstruír a partir das tres fontes anteriores. Isto é: *Galicia* resultaría de combinar *Galicia 8 min.* + *Ispanija* + *Bobinas*. Como concluiremos, existen indicios verificábeis de que faltarían algúns planos por aparecer para acadar a copia definitiva de *Galicia*.

Descríbense a seguir as conclusións, hipóteses, procedementos, excepcións e dúbidas que derivan do traballo de edición dos tres estudos en vídeo presentados neste Congreso.

Para unha mellor comprensión deste texto de apoio pódense consultar os vídeos en http://vimeo.com/cineclubedecompostela/galicia1936-2011.

ESTUDO 1

RÓTULO INICIAL:

«A seguinte montaxe emprega tres fontes audiovisuais que conteñen imaxes de *Galicia*, o filme perdido de Carlos Velo.

O cadro da esquerda reproduce, sen alteracións, os oito minutos que se conservan da versión que se presentou na Exposición Internacional de París de 1937.

No cadro da dereita altérnanse imaxes de *Ispanija* (Esfir Shub, 1939) –sinaladas co logotipo de Rai Tre– e máis das bobinas recentemente atopadas en Rusia polo profesor Vladimir Magidov –con código de tempo.»

PROCEDEMENTO:

Por medio da pantalla dobre comparamos *Galicia 8 min.* (á esquerda) coa combinación de *Ispanija* e *Bobinas* (á dereita). Deste xeito tentamos reconstruír a versión de 8 minutos cos planos que se repiten nas outras dúas fontes.

CONCLUSIÓNS:

a) *Galicia 8 min.* consta de 68 planos. Na montaxe paralela realizada coas imaxes de *Ispanija* e as *Bobinas* (*Estudo 1*) pódense constatar os planos que son exclusivos de *Galicia 8 min.* (e non aparecen nin en *Ispanija* nin nas *Bobinas*). Son os seguintes:

DURACIÓN (hh:mm:ss:ff):

001 (Film Popular presenta)	00:00:05:21
002 (Finis Terrae. Galicia. Con plano de mar)	00:00:07:20
003 (Créditos de Castelao)	00:00:41:24
004(*) (Transición de 002 a rochas)	00:00:00:24
008 (Ceo)	00:00:03:17
009 (Panorámica descendente monte)	00:00:04:10
014(*) (Transición plano xeral aldea a palloza)	00:00:01:12

017 (Varanda)	00:00:04:20
022 (Roca fiandeira)	00:00:04:21
041 (Carro polo camiño)	00:00:11:19
052 (Cabaza)	00:00:02:16
059 (Millo esfolado)	00:00:04:04
061(*) (Mazarocas))	00:00:04:23
Total duración:	**00:01:39:06**

(*) O asterisco indica que só unha parte do plano é propia da versión de 8 min.

Isto é: 10 planos e 3 fragmentos de planos.

b) As imaxes de *Galicia* que aparecen en *Ispanija* (as primeiras secuencias e máis algún plano solto avanzado o filme) suman 00:05:31:11. Neste tempo inclúense algúns planos dos que non se pode confirmar que pertenzan a *Galicia* (ver apartado «Dúbidas e excepcións»). Sen as *Dúbidas* computamos 00:05:16:11.

c) As imaxes de *Galicia* que aparecen nas *Bobinas* suman 00:16:30:14 (incluíndo as colas). Coma no punto anterior, existen tres planos que cómpre confirmar (ver apartado «Dúbidas e excepcións»). Isto dá por suposto, e así o cremos, que estas tres primeiras *Bobinas*, por enteiro, pertencen ao *Galicia* de Velo. Sen as *Dúbidas* nin as colas, computamos 00:15:35:04.

d) As imaxes das *Bobinas* complementan, en moitas ocasións, as de *Ispanija* (sempre que atopamos o mesmo plano); os planos nunca se repiten iguais, senón que cada fonte contén unha parte dese plano. Iso quere dicir que onde remata un plano nas *Bobinas*, continúa, no fotograma seguinte, en *Ispanija*. E viceversa. **Daquela, Esfir Shub cortou, das mesmas *Bobinas*, os planos que empregou en *Ispanija***. Isto pode comprenderse mellor nas transicións que escolma o *Estudo 2*.

e) Os tempos[1] parciais referidos en a), b) e c), correspondentes a cada fonte de *Galicia*, suman un total de 00:22:30:21. Neste tempo consideramos as duracións de b) e c) sen as *Dúbidas* nin as colas.

1. Os tempos ofrecidos neste apartado deben tomarse como aproximados. As pequenas variacións entre as fontes (na lonxitude dos negros, por exemplo) e máis as aberracións introducidas polo telecinado dixital do filme, poden supoñer unha marxe de segundos no cómputo total.

ESTUDO 2

RÓTULO INICIAL:

«En 1939 Esfir Shub realiza na URSS *Ispanija* a partir de imaxes de diferentes operadores que filmaron en España durante a Guerra Civil. Varios minutos do seu filme pertencen ao *Galicia* de Carlos Velo.

As *Bobinas* agora recuperadas son as mesmas das que Esfir Shub extraeu os planos para *Ispanija*.

No momento do corte, comprobamos como moitos planos das bobinas filmadas por Velo continúan, no seguinte fotograma, no filme soviético.»

PROCEDEMENTO:

A montaxe sinala todas as transicións que se dan entre as *Bobinas* e *Ispanija*. Conxelamos os fotogramas contiguos durante tres segundos para un visionado máis atento.

CONCLUSIÓNS:

a) Esfir Shub cortou as mesmas *Bobinas* para extraer os planos que precisaba para *Ispanija*. Ver *Estudo 1 - Conclusión d)*.

b) Por medio destes exemplos observamos que Esfir Shub, sempre que o plano que precisaba viña dunha transición, cortaba xusto despois desta para non ter a marca do plano anterior. Por mor disto **podemos deducir a contigüidade de varios planos** das *Bobinas* e *Ispanija*, xa que varios planos das *Bobinas* manteñen no seu remate algúns fotogramas superpostos do plano seguinte, que atoparemos en *Ispanija*.

c) As correspondencias citadas entre as *Bobinas* e *Ispanija* indican que Esfir Shub accedeu ás imaxes das *Bobinas* a máis tardar no ano 1939, pois *Ispanija* remátase nese ano. Os Arquivos do Estado ruso de cine-foto-fonodocumentos documentan a chegada, dende o Comité de Cinematografía, dunha lata que se identifica como *Galicia*, en forma de positivo orixinal, o 22 de maio de 1940.

ESTUDO 3

RÓTULO INICIAL:

«Esta montaxe está feita a partir de todos os planos que conforman as *Bobinas*, engadíndolles os planos de *Ispanija* que consideramos pertencen ao filme *Galicia*.

A orde temática das secuencias fíxose respectando as declaracións de Carlos Velo na súa entrevista con Tareixa Navaza para RTVE-Galicia, en marzo de 1983.

Decidimos manter a orde orixinal dos oito minutos que se conservaban xa editados, sen que haxa porén razóns para os considerar definitivos.

Dos 190 planos que conforman as *Bobinas* deixamos fóra tres. A duración final é de 22 minutos e 25 segundos.»

PROCEDEMENTO:

O *Estudo 3* abandona as conclusións verificábeis para elaborar unha hipotética reconstrución, o máis aproximada posíbel, do filme *Galicia*, baseándose nos seguintes indicios:

«*Galicia* é un documental. E aí volven traballar os ourensáns: o Xocas, etnógrafo, Xaquín Lourenzo Hernández; os amigos todos de Galiza. Chego eu cun camarógrafo de Madrid, cunha cámara estupenda francesa, e con Fernando Mantilla, que seguía sendo o que me conducía e o que me ensinaba como se podía traballar. E chego á miña aldea, chego a Cartelle, non? E descubro que hai dúas Galizas e penso que eu teño de tomar a Galiza miña, que é a Galiza ourensá, que non é marítima, que é terrestre, que é continental, que é diferente. E teño que facer a outra Galiza, a Galiza mariñeira, non? Despois, cando eu vou editar iso, cando organizo ese documental, chamo ao Xocas para que vaia, porque necesito aturuxos, cancións e todas esas cousas. E axúdame moita xente. É unha cousa colectiva; un documental debe ser unha cousa colectiva. E chamo a Rafael Dieste, que traballaba nas misións pedagóxicas, un galego extraordinario. Chamo por el e dígolle: «¿Que che parece unha curta que primeiro empeza co liño, e logo os traballos da terra e logo os traballos do mar e remata ao final co mar?». E dixo: «Paréceme perfecto». «Non, pero eu creo que non está moi ben», digo; e el di: «Está moi ben, Carlos Velo». El foi o que me animou.»

Entrevista con Carlos Velo, Tareixa Navaza, RTVE-Galicia, 1983.

a) Estas declaracións de Velo dánnos unha primeira idea da montaxe orixinal concibida polo cineasta:

LIÑO - TRABALLOS DA TERRA - TRABALLOS DO MAR - MAR.

b) Decidimos manter inalterábel, na primeira parte destra reconstrución, a versión de 8 minutos conservada até o de agora, co texto incorporado por Fernando Mantilla para a Exposición Internacional de París do ano 1937. Nada garante, porén, que esta fose a montaxe feita por Velo, pois Mantilla puido reducir a duración e manipular a orde orixinal ao incorporar a voz en *off*. A escasa información existente arredor da duración do filme orixinal non permite deducir nada máis.


c) Consideramos os bloques temáticos seguintes:

VERSIÓN 8 MIN. (Malla do liño e parte dos traballos da terra)
ROMARÍA
FEIRA
TRABALLOS DO MAR
MAR


d) As transicións sinalan, en varias ocasións, a disposición dos distintos bloques. Vemos aquí algúns exemplos:

(*) *Ispanija* vén sinalada nas capturas polo logotipo de Rai-Tre, as *Bobinas* polo código de tempo. *Galicia 8 min.* non ten marca.

TRANSICIÓN MAR - PENAS



Fotograma 01:12:31:22 de *Ispanija*





Transición Porcos - Bebé









Transición Feira - Mariñeiro









Transición Gaiteiro - Feira









e) O documento anexo como separata neste dossier reproduce un currículo de Carlos Velo, dos anos oitenta, no que lemos un dato fundamental: ***Galicia* constaría de 600 metros**. Isto é, para 35mm rodados a 24 fotogramas por segundo, **22 minutos e 15 segundos,** aproximadamente.

f) Nunha entrevista recentemente recuperada de Luis Álvarez Pousa con Carlos Velo (publicada en *Tempos Novos* en febreiro de 2011), o cineasta, interrogado a propósito da duración de *Galicia*, afirma: «Vinte e tantos minutos... Aínda que me esforce, non podo dicircho con máis precisión. Pasaba dos vinte.»

CONCLUSIÓNS:


a) As transicións, como vimos anteriormente, bosquexan unha primeira montaxe por bloques que, aplicada ás declaracións de Velo, daría como resultado o seguinte esquema:

LIÑO - TRABALLOS DO CAMPO - ROMARÍA (Gaita) - FEIRA - TRABALLOS DO MAR - MAR

b) Pódese comprobar, nos códigos de tempo incluídos nas capturas, que as *Bobinas* se presentan completamente remexidas. Atopamos partes dun mesmo plano en minutaxes moi diversas.

c) A montaxe interna de cada bloque depende de afinidades temáticas, ritmo, movementos e progresións. Vemos embaixo algún exemplo. En moitas ocasións tomáronse decisións de difícil verificación. Sirvan, cando menos, para agrupar con maior concreción algunha secuencia, mesmo non sendo exacto o lugar dos planos.

Feira (o posto do pan e a muller son os mesmos)





Mar (o barco é o mesmo)





d) Contra a decisión descrita en a), consideramos a posibilidade de que *Galicia 8 min.* non permaneza inalterábel na reconstrución final. Anotamos deseguido aqueles planos que puideran pertencer a este primeiro bloque:

- SECUENCIA PORCOS (os animais son rexistrados a carón das pallozas que vemos nos primeiros minutos de *Galicia 8 min*)
- ZOCAS PISANDO A LAMA (este plano semella pertencer aos traballos no campo)
- SECUENCIA MOTIVOS RELIXIOSOS (aparecen as pallozas)
- MAR CONTRA AS ROCHAS (situado no *Estudo 3* como penúltimo plano. Correspóndese aos fotogramas inmediatamente posteriores aos Créditos de *Galicia 8 min.* Ver Transición Mar - Penas, no apartado d) dos PROCEDEMENTOS do *Estudo 3*)

SON

As *Bobinas* carecen de son. *Galicia 8 min.* ten banda sonora, que inclúe a voz en off incorporada por Fernando Mantilla. *Ispanija* ten parte da banda sonora de *Galicia 8 min.* (aínda que montada noutra orde) e engade a música do gaiteiro e dúas cancións mariñeiras que non existen en ningunha das outras dúas fontes.

CONCLUSIÓNS:

a) O anterior pode pórnos so a pista de que **Esfir Shub tivo ao seu dispór unha copia (ou un copión) sonorizada do material de Carlos Velo que incluía material sobre a feira e os mariñeiros.**


b) O punto a) parece indicar que, malia as *Bobinas* carecer de son, a banda sonora debeu estar arquivada canda as imaxes, pois Esfir Shub accedeu a ela. De atoparse nos Arquivos do Estado ruso de Cine - Foto - Fonodocumentos, a investigación avanzaría sustancialmente polas pistas que pode ofrecer á montaxe.

DÚBIDAS E EXCEPCIÓNS

Até o de agora consideraramos, inequívocamente, os primeiros 16 minutos das *Bobinas* como material pertencente, na súa totalidade, ao *Galicia* de Carlos Velo. Porén, cómpre sinalar unha serie de exemplos contraditorios que poden reverter, canto menos en parte, esta hipótese.

a) O plano do fume supón o único exemplo de fotogramas que se repiten exactamente en *Ispanija* e nas *Bobinas*. A relación entre estas dúas fontes, agás neste caso, é de complementariedade. É dicir, os planos que comezan en Ispanija rematan nas *Bobinas*, e viceversa. Non comparten fotogramas (son contiguos), e de aí tiramos a conclusión de que Esfir Shub cortou o material que precisaba das mesmas *Bobinas*.

> 1. O caso do fume é moi particular. Témolo, co mesmo movemento, no filme de Shub e máis nas Bobinas. O plano pertence a unha secuencia de bombardeos en *Ispanija*. Primeiro de todo, resulta estraño que Shub extraera de *Galicia* un plano de explosión, tendo tanto material semellante no resto do filme. A segunda particularidade, como dixemos, é que é o único plano que se repite, con exactitude, nas *Bobinas*.



Fotograma 00:31:41:22 de *Ispanija*

2. Existe, nas *Bobinas,* un único fotograma, inapreciábel nun visionado en tempo real, pegado a este plano do ceo. É o fotograma 01:06:45:15 (ver captura embaixo). O plano rexistra un home, cun cativo no colo, correndo nunha praza dunha cidade. Atopamos ese mesmo plano en *Ispanija* (00:31:41:22), dentro dunha secuencia de bombardeos, coa xente correndo para se gorecer no metro e nos portais dos edificios. Obviamente é un plano que encaixa perfectamente con esa secuencia de *Ispanija,* que contén planos moi semellantes, pero que non pode pertencer a *Galicia.* A acción, polo que parece, non ten nada a ver co visto até o de agora no filme de Velo, pero si con esa secuencia de *Ispanija*[2]. Daquela, como chegou este fotograma ás *Bobinas*? Comprobamos que o proceso inverso, das *Bobinas* a *Ispanija*, dase pola intervención de Shub, quen cortou o material que precisaba. Pero aquí ocorre o contrario, un fotograma de *Ispanija* aparece incorporado ás *Bobinas*. Pode deberse a que Shub pegou de volta parte do seu material de *Ispanija* nas *Bobinas*, porque decidiu non empregar algún plano que extraera anteriormente e que agora viña pegado a este outro fotograma? Non o podemos saber sen acceder á bobina orixinal, pero cómpre telo en conta.

2. Soubemos, logo da redacción destas liñas, que o fotograma en cuestión pertence a *K Sobitiyam v Ispanii* nº 10 (*Sobre os sucesos de España*, nº 10), que Roman Karmen e Boris Makaseiev filmaron en Madrid en novembro de 1936 durante un ataque aéreo. Estas imaxes «se encuentran reproducidas ampliamente en películas como *Spain In Flames* (Helen van Dongen, 1937), *Heart of Spain* (Herbert Kline y Geza Karpathi, 1937), posteriormente en *Mourir à Madrid* (Frédéric Rossif) [...] y en una larga serie de películas y documentales divulgativos dedicados a la guerra civil desde entonces». García López, Sonia: «Imágenes del cielo. Tres calas en el cine extranjero de la guerra civil». *Secuencias*, núm. 31, IV época, 1º semestre de 2010, pp. 36-37.





Fotograma 00:31:41:22 de *Ispanija*





O fotograma 0:31:41:22 de *Ispanija* repítese no 01:06:45:15 das *Bobinas*, dous fotogramas logo do plano do fume (01:06:45:13)

b) Consideramos a posibilidade de que algúns dos planos dos primeiros 16 minutos das *Bobinas* non pertenzan a *Galicia*. O plano do arado (non incorporado ao *Estudo 3*), arredor do 01:03:02:21, e que atopamos tamén en *Ispanija* (00:02:05:09) canda outros tres planos da mesma secuencia (e dentro do bloque de imaxes de *Galicia*: aproximadamente os primeiros cinco minutos e medio do filme), parece máis ben propia da curta *Los yunteros de Extremadura*, que podemos ver nas *Bobinas a* partir de 01:24:09:00. Isto pola paisaxe, cunha chaira estraña á paisaxe galega, polo traballo con mulos, e polo arado, semellante en ambas as dúas secuencias. Tamén a serra, ao lonxe, ten un perfil semellante.













c) É posíbel que falten planos para completar algunhas das transicións atopadas nas Bobinas. A seguir capturamos varios exemplos:

1. No seguinte plano observamos (dificilmente apreciábel nas capturas de pantalla) o comezo dunha transición (8 fotogramas) da que non temos continuación. Pois debera existir un plano que, no seu comezo, tivera aínda impresionada a casa que vemos nesta imaxe:





2. O mesmo acontece coa seguinte transición. O plano da ría (01:12.50:01), non incorporado ao *Estudo 3*, só chega a verse no remate da transición (un ou dous fotogramas), pero non se atopa o plano completo.








d) Existen, polo menos, dous planos en *Ispanija* que presentan dúbidas da súa autoría. Non se atopan nin nas *Bobinas* nin en *Galicia 8 min.*, pero as súas formas parecen conter certa impronta *veliana:*



Fotograma 00:50:49:16 de *Ispanija*




Fotograma 01:12:27:06 de *Ispanija*


COLAS DAS BOBINAS

Co obxectivo de coñecer o tipo de copia que afrontamos nas *Bobinas,* non podemos deixar de sinalar algúns outros indicios que poden clarificar o uso que se lle deu, e que os técnicos en material fílmico saberán encadrar.


As *Bobinas*, como expuxemos na presentación deste informe, veñen numeradas do seguinte xeito:



Bobina nª 13694




Bobina nª 13696




Bobina nª 13697

Pola mesma, atopamos diversas marcas de proxección que identifican o filme:







Tamén as marcas do laboratorio, sito en Barcelona, que revelou o filme:



E por último, un aviso aos operadores do rolo de 35mm:



«Atención, operadores, no cortar nunca estas colas.»

CONCLUSIÓNS

a) A conclusión máis evidente, e que cadra co exposto anteriormente, é que faltaría unha bobina (a 13695) onde se atoparían, por exemplo, algúns dos planos que continuarían as transicións incompletas descritas no apartado de «Dúbidas e excepcións».


b) As marcas («Atención operadores...») poden indicar que se trata dunha copia pensada para ser proxectada.

LOCALIZACIÓNS


Como anécdota, pero tamén para trazar con exactitude o percorrido de Velo na filmación de Galicia, engadimos a continuación algunhas das localizacións actuais rexistradas na fita:

Ponte Vella de Ourense






Fotograma 00:01:54:12 de *Ispanija*






Canón do río Sil






O Barqueiro





Estaca de Bares





NOTA FINAL

A redacción deste informe, así como a edición dos Estudos, realizouse a partir dunha copia en DVD das Bobinas cedida polo CGAI. Moitas das conclusións dependen do traballo sobre este formato. A análise do orixinal fílmico ofrecerá, sen dúbida, moita máis información sobre o avanzado aquí. Esperamos que esta primeira achega ao material recuperado polo profesor Vladimir Magidov ofreza unha serie de indicios válidos para completar o traballo de reconstrución de *Galicia* que resta por facer.

FONTES CONSULTADAS

Álvarez Pousa, Luís; «Carlos Velo: así foi o proceso creativo de Galicia»; *Tempos Novos,* nº 165, pp. 64-70; Santiago de Compostela; febreiro de 2011.

Fernández, Miguel Anxo; *Carlos Velo. Cine e exilio;* A Nosa Terra; Vigo; 1996.

Fernández, Miguel Anxo; *As imaxes de Carlos Velo;* A Nosa Terra; Vigo; 2002.

Fernández, Miguel Anxo, *Las imágenes de Carlos Velo*, UNAM, México, 2007

García López, Sonia; «Imágenes del cielo. Tres calas en el cine extranjero de la guerra civil»; *Secuencias,* nº 31, IV época, 1º semestre de 2010, pp. 36-37

Gubern, Román e Hammond, Paul; *Los años rojos de Luis Buñuel;* Cátedra; Madrid; 2009.

Ledo Andión, Margarita; «Ante la aparición de Tierra del chicle, Carlos Velo, México, 1952»; *Trípodos,* volumen 1, nº 21, pp. 199 -216; Barcelona; 2007.

Ledo Andión, Margarita; «Na descoberta de Terra do chicle. Carlos Velo»; *A Trabe de Ouro,* tomo III, ano XVII, pp. 73-82; Santiago de Compostela; xullo, agosto, setembro de 2006.

Ledo Andión, Margarita; «Entre cine e foto: o sorriso á câmara»; *Estética e tecnologias da Imagen;* Universidade da Beira Interior; pp. 205-212; Covilhà; 2005.

Ledo Andión, Margarita; «Vous avez dit "Carlos Velo"? / Did you say "Carlos Velo"?»; *Cinéma du réel,* Bibliothèque Publique d'information, Centre Georges Pompidou, Paris, 2005.

Ledo Andión, Margarita; «Dixeches Carlos Velo?»; *A Trabe de Ouro,* tomo II, ano XVI, pp. 209-216; Santiago de Compostela, abril, maio, xuño de 2005.

Martín Martín, Fernando; *El Pabellón español en la exposición universal de París en 1937;* Universidad de Sevilla. Secretariado de Publicaciones; 1987.

Navaza, Tareixa; *Entrevista con Carlos Velo;* RTVE-Galicia; marzo de 1983.

Redondo, Fernando; *Carlos Velo. Itinerarios do documental nos anos trinta;* Xunta de Galicia; 2004.

VV.AA.; *Pabellón Español : Exposición Internacional de París, 1937: Madrid, 25 Junio-15 Septiembre;* Centro de Arte Reina Sofía; Madrid; 1987.

AGRADECEMENTOS

Agradecemos a Irma Amado, José Luis Castro de Paz, Miguel Anxo Fernández e Fernando Redondo as súas achegas. E moi especialmente, a Xan G. Viñas, do GEA da USC, pola súa colaboración na procura de fontes biblio-hemerográficas.

Por último, xaora, ao profesor Vladimir Magidov, sen o cal todo este traballo que agora comeza sería impensábel.

Galicia y la construcción de un cine nacional

Margarita Ledo Andión

La recuperación de una lata que se identifica como «GALICIA», que llega como positivo original el 22 de mayo de 1940 desde el Comité de Cinematografía a los Archivos del Estado ruso de cine-foto-fono-documentos (no se sabe de otro material: cartas, notas, etc., y se presume que está sin sonido) y que trajo consigo el profesor ruso Vladimir Magidov en una visita a la Universidad de Santiago de Compostela (USC) en diciembre de 2010, permite profundizar en la consideración de la película de Carlos Velo *Galicia* como primer film nacional gallego, según el calificativo que historiadores contemporáneos como Xosé Nogueira le atribuyen a esta cinta y, a partir de esa posición, ensayar enfoques sobre si contiene o no los sesgos –las constantes– de los cinemas así denominados. Otro azar –el azar es la máscara del destino, nos dice Manoel de Oliveira– trajo hasta la Facultad de Comunicación en 2008 a Elizabeth Cowie, profesora de la Universidad de Kent y estudiosa del papel que juega el deseo en los procesos de conocimiento. Su intervención «The Desire of the Real in a Documentary Representation», en el marco del Congreso «Investigar a Comunicación», se convirtió en una de nuestras guías para considerar las épocas de los grandes programas transformadores como aquellas en las que el deseo fructifica. Y la década de los veintetreinta, enmarcada entre dos nuevos objetos culturales, el diario *Galicia* que dirigió Valentín Paz Andrade y el film *Galicia* que hoy nos congrega, condensa ese momento fundacional.

Al referirse al deseo de lo real, la profesora Cowie indicaba que la identificación con determinado relato no deriva de los hechos que se muestran sino del modo en que los materiales se dirigen e interpelan a un sujeto, conectando el modo de interpelación con la marca autoral:

> «*A subject who knows and who comes to know [...] other people, other subject* [la Galicia campesina ve por primera vez a la Galicia marinera, por ejemplo] [...] *both seeing,* observando ambas la verdadera realidad e identificándose con lo que se está observando, con el objeto de conocimiento y con la cámara].»

Al amparo de esta suerte de puesta en escena del deseo, vamos a entrar en lo que el film *Galicia* muestra y, sobre todo, en el modo de mostrar y de procurar el reconocimiento y la identificación con ese real. Éste es el sentido que le atribuimos al compartir en público tres capítulos de un estudio inacabado, de un análisis abierto a la incorporación de nuevos elementos –a propósito de los cuales daremos algunas pistas–, además de una propuesta de lectura de la película que consideramos ahora mismo la pieza nodal de un cine que se idea como cine nacional gallego.

El estudio «Galicia 1936-2011», presentado en el XIII Congreso de la Asociación Española de Historiadores del Cine (AEHC) y que bajo el título «Aurora e Melancolía. O cine español durante a II República (1931-1939)» se celebró en Compostela del 10 al 12 de marzo de 2011, fue realizado en coautoría con Ramiro Ledo Cordeiro, licenciado en Periodismo por la USC, posgraduado en la Universitat Pompeu Fabra (UPF), cineclubista y escritor sobre cine, una persona acostumbrada a trabajar con imágenes de otros para sus propios films –*CCCV* (2005) o *O proceso de Artaud* (2010)–, y Pablo Cayuela Miguel, escritor sobre cine, director de fotografía y también cineclubista, con el ojo acostumbrado a localizar lo que falta en un plano y a buscar vínculos[1]. El proceso y los materiales de trabajo, lo que denominamos «fuentes», son: 1) la cinta de 8 minutos que hasta el momento era exhibida como todo lo que se conoce del film *Galicia,* y que, con una locución de propaganda de la autoría de Fernando Mantilla, forma parte de la versión presentada en la Exposición Internacional de París de 1937; 2) los retazos del film *Ispanja,* organizado por Esfir Shub en 1939 en la URSS con materiales filmados en España durante la Guerra Civil, que se identifica con la mosca Rai3; 3) finalmente, las bobinas que el profesor ruso Vladimir Magidov deposita en el

1. Y quien no tardaría en finalizar su primer documental (*Fora*, 2012). Ambos formarían parte del equipo que rodó conmigo el film *A cicatriz branca* (2012) y fue esta circunstancia feliz (otro azar) lo que nos llevó a observar conjuntamente los fragmentos con los que hacer crecer la apuesta para reconstituir y hoy poder ver juntos *Galicia*.

Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) en diciembre de 2010, con código de tiempos como elemento diferenciador.

Veremos que, a nivel metodológico, el primer paso fue constatar que las imágenes de las tres fuentes pertenecen a *Galicia,* localizando la presencia o el rastro de esos 8 minutos «oficiales» en las fuentes 2 y 3 hasta poder definir una relación de identidad y complementariedad, y avanzar un poco más intentando reconstruir secuencias enteras. El tercer paso, para el que los anteriores también son guía, procura el orden correlativo de ciertas secuencias y, por fin, se orienta hacia una propuesta de montaje según las diferentes declaraciones que sobre esta obra realizó el cineasta.

Posición teórica

